

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 11 de xullo de 2003 pola que se desenvolve o Decreto 178/2003, do 20 de febreiro, polo que se aproba o código de identificación corporativa da Xunta de Galicia.

O Decreto 178/2003, do 20 de febreiro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 50, do 12 de marzo, aprobou o código de identificación corporativa da Xunta de Galicia establecendo no seu artigo segundo o seu ámbito de aplicación que abrangue tódolos departamentos da Administración da comunidade autónoma, os seus organismos autónomos e entes de dereito público dela dependentes.

O devandito decreto persegue a dotación de instrumentos que afirman a identidade da Xunta de Galicia non só na súa vertente política como poder executivo galego senón tamén como cabeza da Administración autonómica de Galicia, e facilitan a súa identificación polos cidadáns.

Na disposición derradeira primeira autorízase o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para que estableza, mediante orde, as condicións nas que o mencionado código de identificación corporativa aprobado deberá ser utilizado.

Co obxecto de instrumentalo mandato das disposicións establecidas, cómpre dispoñer dunha norma que explicita e desenvolva as condicións nas que o código de identificación corporativa da Xunta de Galicia deberá ser utilizado en cada caso concreto.

Por todo iso, no exercicio da facultade establecida na disposición derradeira primeira do Decreto 178/2003, do 20 de febreiro, polo que se aproba o código de identificación corporativa da Xunta de Galicia

DISPOÑO:

Artigo único.-Apróbase o manual básico de identidade corporativa da Xunta de Galicia, que figura recollido como anexo a esta orde. Nel fíxanse os supostos e as condicións nas que deberán ser utilizados, en cada caso concreto, a figura ou símbolo corporativo e mailas letras identificativas ou logotipo, que forman o código de identificación corporativa da Xunta de Galicia aprobado polo Decreto 178/2003, do 20 de febreiro.

Disposición adicional

O manual ó que se refire o artigo anterior estará dispoñible, ademais, no enderezo da Internet <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/>.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2003.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública

*ANEXO*MANUAL BÁSICO DE IDENTIDADE CORPORATIVA
ELEMENTOS DE IDENTIDADE

| | |
|-------------------------|---------------------------------|
| ELEMENTOS DE IDENTIDADE | SÍMBOLO E LOGOTIPO CORPORATIVOS |
|-------------------------|---------------------------------|

O símbolo corporativo débese utilizar sempre acompañado do logotipo, salvo nos casos expresamente especificados neste manual.



Tipografía corporativa.

Para o logotipo "Xunta de Galicia" utilízase unha tipografía creada ex profeso.

O logotipo débese utilizar sempre acompañado do símbolo corporativo, salvo nos casos expresamente especificados neste manual.

XUNTA DE GALICIA

IDENTIDADE CORPORATIVA

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE

O símbolo corporativo e o logotipo constitúen o conxunto básico da identidade corporativa da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE


CORES CORPORATIVAS

Versión en cor

Azul cian 100%

Branco

Negro 100%



XUNTA DE GALICIA

Versión en branco e negro

Negro 100%

Branco

Negro 100%



XUNTA DE GALICIA

CORES CORPORATIVAS SOBRE FONDOS DE COR

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE**SÍMBOLO CORPORATIVO:**

Cando o fondo sexa da mesma cor do símbolo ou cun grao de saturación entre 40-100%, este levará un filete branco.

Na versión en cor, o símbolo será azul cian 100%.

Na versión en branco e negro, o símbolo será negro 100%.

O símbolo corporativo en ningún caso pode utilizarse en negativo nin transparente. É dicir, o símbolo é un rectángulo de cor no que se inscriben os elementos, sempre brancos.

LOGOTIPO:

Cando o fondo sexa da mesma cor ou cun grao de saturación entre 40-100%, o logotipo "Xunta de Galicia" será branco.

**XUNTA DE GALICIA****XUNTA DE GALICIA**

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE

VERSIÓN DE USO RESTRINXIDO

De xeito prioritario deberán utilizarse as versións nas cores corporativas.

Noutros usos, como publicacións a unha ou dúas tintas, a identidade corporativa poderá aplicarse noutras cores.



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA




XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA



Para o logotipo "Xunta de Galicia" utilízase unha tipografía creada ex profeso.

Para o nome das consellerías, direccións xerais e outros servizos utilízase a tipografía Helvética Regular.

Para o nome e apelidos do presidente, conselleiros e directores xerais utilízase a tipografía Times Regular.

Para o cargo do presidente, conselleiros e directores xerais utilízase a tipografía Times Cursiva.

XUNTA DE GALICIA

Tipografía Xunta de Galicia (logotipo)

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890

Tipografía Helvética Regular (Consellerías, direccións xerais, outros servizos, nomes, cargos e enderezos)

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890

Tipografía Times Regular (Nome e apelidos do presidente, dos conselleiros e directores xerais)

*ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890*

Tipografía Times Cursiva (Cargo do presidente, conselleiros e directores xerais)

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE

CONSTRUCCIÓNS

Símbolo corporativo e logotipo conforman un todo harmónico e coherente.

A multiplicidade de aplicacións que precisa a identidade corporativa da Xunta de Galicia require solucións específicas con diferentes construcións.

Aliñación centrada



XUNTA DE GALICIA

Aliñación á esquerda
dúas liñas

XUNTA DE GALICIA

Aliñación á esquerda
para construción con consellería

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

OUTRAS CONSTRUCCIÓNS

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE

As versións que seguen terán un uso restrinxido polo que se recomenda utilizar habitualmente as construcións da páxina anterior.



XUNTA DE GALICIA

Aliñación á esquerda
unha liña

XUNTA DE GALICIA



Aliñación á dereita
unha liña

**XUNTA
DE GALICIA**



Aliñación á dereita
dúas liñas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Aliñación centrada
para construción con consellería

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE

CONSTRUCCIÓNS CON CONSELLERÍA
DIRECCIÓN XERAL E OUTROS DEPARTAMENTOS

ALIÑACIÓN: á esquerda

TIPOGRAFÍA:

Consellería: Helvética Regular en caixa alta.

Dirección xeral e outros departamentos:

Helvética Regular en caixa alta e baixa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural
Subdirección Xeral de Promoción Cultural
e do Libro e Bibliotecas

PRESIDENCIA E CONSELLERÍAS

ELEMENTOS
DE IDENTIDADE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN

| ELEMENTOS DE IDENTIDADE | USOS INCORRECTOS |
|-------------------------|------------------|
|-------------------------|------------------|

As diferentes construcións da identidade teñen unhas proporcións que, en ningún caso, deben ser modificadas.

O tamaño e a separación entre os diferentes elementos da identidade, así como as cores corporativas deben manterse para cada versión.

Son elementos que poden escalarse pero nunca modifica-las súas proporcións.



Será considerado incorrecto o uso de proporcións en escala diferentes ó 100% horizontal e 100% vertical



Será considerado incorrecto o uso de construcións con consellería, dirección xeral ou outros departamentos coa versión do logotipo caixa á esquerda dúas liñas.

Será considerada incorrecta a aliñación caixa á dereita nas construcións con consellería, dirección xeral ou outros departamentos.